

APUNTAMENTOS PARA EMPRENDEDORES

OPORTUNIDADES

Créditos para emprendedores. A Empresa Nacional de Innovación (Enisa) abriu unha liña de axudas para emprendedores dotada con vinte e cinco millóns de euros, que por convenio será xestionada directamente en Galicia pola Federación Galega de Xoves Empresarios (Fegaxe) e as súas asociacións membro en Lugo, A Coruña, Pontevedra, Vigo e Ferrolterra, e que permitirá facilitarlles créditos de até 50.000 euros sen aval aos novos empresarios que presenten un proxecto viable.

Son investimentos subvencionables a adquisición de activos fixos e o activo circulante necesario para o desenvolvemento da actividade. Poden optar a estes préstamos os empresarios menores de corenta anos que creen a súa empresa no dezaioito meses previos á presentación da solicitude e que exerzan a súa actividade dentro de calquera sector, excepto o inmobiliario e o financeiro.

O Igape e o Impulsa Lugo. O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) aprobou as bases que regulan as súas axudas para a bonificación dos gastos financeiros nos préstamos para financiar proxectos de investimento con fondos BEI no marco do programa Impulsa-Lugo. Poden consultarse no DOG do 25 de marzo.

Erasmus para emprendedores. O Eurotroco é un programa europeo de intercambio para emprendedores que lles ofrece a oportunidade de aprender dun empresario con máis experiencia que dirixa unha peme noutro país da Unión Europea, durante un período de até seis meses, co obxectivo de que se coñeza mellor o mercado a nivel internacional. O Concello de Lugo participa nesta iniciativa, polo que poderán beneficiarse deste programa un total de trinta emprendedores da provincia, que pasarán un mes con empresarios de acollida en Suecia ou en Italia.

Solicitudes de patentes. O Boletín Oficial do Estado do 24 de marzo recolle as bases reguladoras do réxime de axudas da Oficina Española de Patentes e Marcas destinadas a impulsar actuacións dirixidas a promover o acceso á Propiedade Industrial nacional e internacional dos inventores españois. As subvencións reguladas constan de dous programas: para o fomento de patentes e modelos de utilidade no exterior e para o fomento de patentes e modelos de utilidade españois para pemes e persoas físicas.